



CONCELLO DE REDONDELA

SESION EXTRAORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CEDEIRA,
CELEBRADA O DÍA 06 – NOVEMBRO – 2013

ORDE DO DIA

1.- ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS.-

No Centro Cultural de Cedeira, sendo as vinte horas e trinta e sete minutos, do día seis de novembro de dous trece, reúnense, baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, da concelleira DONA.ANA MARIA ALONSO ALONSO, asistindo:

GRUPOS POLITICOS:

PP – MARIA DEL CARMEN AMOEDO DASILVA

PSOE – MARIA DEL CARMEN ALONSO LAGO

B.N.G. - XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

A.E.R. - ALFONSO BLANCO PÉREZ

AA.VV.:

ISABEL ALONSO LEMOS

CARLOS COVELO SOLLA

ASOCIACIÓN CULTURAI:

JUAN JOSÉ COMESAÑA LÓPEZ

VICENTE LAMAS GUISANDE

PLÁCIDO COUÑAGO MOSQUERA



CONCELLO DE REDONDELA

COMUNIDADE DE AUGAS:

ANTONIO COVELO VILLAVERDE

EDUARDO CORUGEIRA VIEITEZ

ASOCIACIÓN DEPORTIVAS:

ROBERTO CABALEIRO RIVEIRO

COMUNIDADE DE MONTES:

CARLOS GRAÑA VILARES

BERNARDO ALVAREZ DOS SANTOS

ASOCIACIÓN NAIS E PAIS:

BELEN LAMAS DOMINGUEZ

E actuando como Secretario do Consello, o funcionario de carreira JUAN MANUEL GARCÍA RODRÍGUEZ, se constitúe o Consello Parroquial de Cedeira, convocado para o día de hoxe, en xuntanza extraordinaria.

INCIDENCIAS.- Non asistiu o representante da AA.VV ANTONIO LORES FRANCO.

O representante do grupo municipal do B.N.G., Sr. González Campo, incorporouse á xuntaza, sendo as vinte horas e cincuenta minutos.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese a tratar o único punto da Orde do Día.



CONCELLO DE REDONDELA

1.- ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS.-

Pola Presidencia ponse de manifesto que logo da verificación dos lugares xunto cos representantes do Consello, coa finalidade de determinar con exactitude onde se van a realizar as actuacións, e mirar o número de unidades que se solicitarán, quedouse en:

PANEIS INFORMATIVOS:

Panel información onde o cambio de rasante no camiño do Canaval
Bº Eira Pedriña, cmño. Fonte da Lama (1)
Diante de Alcampo ao lado da maquesiña
Bº Fortóns, Fonte do Caramuxo
Cruceiro, cambiar o do Centro Cultural
Camiño do Covelo ao pasar a fontes Fortóns
Saída do buscal, Curceiro
As Cardosas
A Portela onde está a estación
A Portela onde o bar de Ramona
A Formiga no camiño vello, praia
Rande as Muradas
Rande camiño Coto do Coello, Cotarel de Abaixo

Total custe IVE incluído: 1.750,84 € (falta a valoración dun panel informativo a máis no Camiño de Eira Pedriña).

BASES DE CONTENEDORES:

Camiño da bandeira, 44 fronte á casa Rosa Fariñeira
Estrada Condese Torrecedeira (4), senda da auga (3)
Camiño do Covelo, despois de pasar a Fonte, Bº Cruceiro-Fortóns
Na saída do buscal, anclaxe
A Portela, baixada ao Peirao no muelle de A Portela (2)
Rande nas Muradas (2)
Cotarel de Arriba e Cotarel de Abaixo (2) Camiño das Regueiras (1)
Camiño Eira Pedriña, 7-9
Na EN-555 panadería fronte á de Lemos, revisar antes de linde de San Esteban

Total custe, IVE incluído: 3.932,50 € (falta a valoración dun anclaxe e outra base).

Asfaltado camiño da Albarronda

Custe: 6.300,00 euros.



CONCELLO DE REDONDELA

O Consello solicitou que nas bases dos contenedores falta un anclaxe dun e outra base nas Muradas, Rande. Amáis solicitou un panel informativo a máis en Camiño Eira Pedriña (entre o 7 e o 9).

A Presidencia manifesta que as tuberías de pluviais e máis de sumidoiro que eran de fibrocemento, están dando problemas, e é necesario sustituilas, o que o farían os operarios do Concello.

Polo representante das Asociacións Culturais, Sr. Lamas Guisande, pregúntase que a onde van a ir as augas, respostándolle a representante do grupo municipal do PP, Sra. Amoedo Dasilva, que confeccionou un croquis o aparelador municipal, solicitando o Consello que se remitira dito croquis ao Centro, respostándolle a representante do grupo municipal do PP, Sra. Amoedo Dasilva, que o venres entre as 13:30 e as 13:45 horas, poden quedar co Sr. Lamas, para reunirse e mirar o tema.

Sinalando a Presidencia que a obra diante do Colexio podería facela o Concello cunha subvención que se solicitou a Medio Rural, e xunto co asfaltado, quedaría toda esa zona arranxada.

O representante da AA.VV, Sr. Covelo Solla, manifesta que a base do contenedor onde o “Forno de Elvira” é un lugar perigoso, co paso dos vehículos e sobre todo coa parada do camión da basura, que sería mellor colocar o contenedor enfrente, diante do transformador, respostándolle a Presidencia que ao baixar o camión alí é perigoso

O representante das Asociacións Culturais, Sr. Comesaña López, manifesta que hai un contenedor con base e outro con anclaxe (o da Murada).

O Consello Parroquial maniféstase no sentido de que se taparon os baches do camiño de As Muradas e volveron a levantarse, indicando amáis que en dito camiño non funciona unha fase do alumado público.

O representante das Asociacións Culturais, Vicente Lamas, manifesta que o Consello parroquial non quede abandonado, que se reuna e que funcione, poñendo como exemplo que levou tempo recollendo firmas para solicitar a instalación dun semáforo onde a Farmacia de Cedeira, que se presentou no Concello e debe ir adiante.

Intervén o representante do grupo municipal do B.N.G., o concelleiro Sr. González Campo quen indica que o tema do semáforo non viña na Orde do Día da presente xuntanza, que descoñece o seu grupo político o texto do escrito asinado polos veciños, e ramata sinalando que non se lles ensinou nada, e que o lóxico é que sexa tratado este tema noutro consello parroquial.

O representante das Asociacións Culturais, Sr. Lamas Guisande, manifesta que se pide o apoio de todos para esta cuestión.



CONCELLO DE REDONDELA

Para rematar a Presidencia sinala que este tema levarase de novo a un consello parroquial ordinario.

Polo representante da AA.VV., Sr. Covelo Solla, maniféstase que o idóneo sería que se reuniran os membros dos distintos colectivos antes da convocatoria da sesión ordinaria do Consello Parroquial, xa que así debatirían os asuntos a incluír e propoñelos á Presidenta do Consello, quedando os membros do Consello en reunirse o vindeiro 4 de decembro, ás 20:30 horas, coa finalidade de debater as propostas a incluír na Orde do Día.

E, non sendo outro o obxecto da presente xuntanza, pola Presidencia dase por rematada a mesma, sendo as vinteunha horas e quince minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que exténdese a presente acta, da que, como Secretario do Consello, DOU FE.-

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

ANA MARIA ALONSO ALONSO

JUAN MANUEL GARCIA RODRIGUEZ